

Desenvolvemento local

A Feira das Fabas cobra entidade propia



As feiras de Moeche de principios do outono son desde antigo o lugar ao que hai que ir para atopar as mellores fabas producidas dentro e fóra do concello. Porén, nos últimos tempos a horta foi indo a menos malia o aumento da demanda nos mercados de proximidade. Para reactivar a produción e dinamizar os eventos comerciais en San Ramón, o Concello organiza desde hai tres anos a Feira das Fabas. Nesta edición hai novidades: a feira adiántase ao 20 de outubro -o ano pasado foi en novembro- e faise coincidir co Mercado de Moeche dos sábados pola mañá. A área de Desenvolvemento local busca desta maneira que a feira se consolide por si mesma e, de paso, que anime aínda máis o mercado semanal.

O programa completo da III Feira das Fabas de Moeche aínda está por pechar ao cento por cento, pero xa se pode adiantar boa parte do que haberá o sábado 13 de outubro dentro e fóra da nave dos tecidos.

Os postos do mercado abrirán, coma sempre, ás 10.00 h. e **media hora despois** farán o propio todos os expositores con fabas á venda de todas as clases. Confirmaron a súa asistencia os produtores e produtoras de Terras da Mariña, O Gato Lambón, Fabas O Castelo e Legumes e fabas Sanjurjo, a quen se unirán nas próximas semanas outros comercializadores de dentro e fóra de Moeche.

Ás 12.00 h. tamén está previsto organizar un **obradoiro para a rapazada** coa faba como tema principal e a iso das 13.00 h. actuará no espazo do mercado a agrupación de canto e danza Alxibeira, pertencente ao Padroado da Cultura do Concello de Narón. A actuación desta formación de música e baile tradicional encádrase dentro da programación da Rede Cult. da Deputación da Coruña.

Ademais de gozar destas propostas, na feira tamén poderemos **degustar a partir das 12.00 h. unha riquísima fabada** preparada pola Asociación veciñal de Labacengos.

A finalidade da III Feira das Fabas de Moeche é recuperar a tradición comercial deste legume e facer que o evento cobre protagonismo no calendario anual separado das citas feirais do 11 e do 23. Neste sentido tamén se pretende que a feira sexa un **argumento máis de dinamización do territorio e do mercado dos sábados**.

De todas as novidades que se vaian producindo de aquí ao 20 de outubro iremos informando na web municipal www.moeche.gal e a través das redes sociais. **Data:** sábado 20 de outubro - **Hora:** 10.00 h. - **Lugar:** recinto feiral de San Ramón

Azulexos para os números das casas

O Concello ten aprobado desde hai tempo o mapa coas denominacións dos rúas e a numeración de todas as vivendas do municipio. Para facilitarlle o traballo ao servizo a Correos e a outras empresas de reparto é moi importante que todo o mundo faga constar correctamente o seu enderezo en calquera relación postal ou comercial, indicando para iso o **lugar**, o **número da vivenda**, a **parroquia** e o **código postal** asignados.

Ademais disto, tamén é moi conveniente que **en todas as casas se coloque o número correspondente ben á vista desde a vía pública** -na fachada ou no portal-, coa finalidade de que ao persoal de correos ou das empresas de mensaxería lles sexa doado atopar calquera domicilio.



Para que este proceso sexa máis sinxelo -e para darlle unidade visual a toda a numeración- deseñouse un modelo de **azulexo de 15x15 centímetros co número** e máis unha **placa cerámica de 10x30 centímetros co indicativo de lugar**, que poden mercarse xuntos ou por separado **de forma totalmente voluntaria**.

O Concello corre cos custos do deseño e cunha parte dos gastos de produción. Porén, para asegurarmos que existe un interese real, as persoas que queiran facerse cos azulexos deberán pagar 3€ por cada azulexo de número e 7€ por cada azulexo de lugar.

Para solicitar calquera deles -ou os dous- hai que pasar polo Rexistro do Concello e indicar alí o nome, o enderezo completo e os azulexos que se queren mercar. Esta solicitude tamén se pode facer a través de correo@moeche.gal ou chamando ao 981 404 006. **A data límite para formalizar o pedido é o día 19 de outubro**. Cando os azulexos estean feitos comunícaráselle a cada persoa a forma de entrega e de pagamento.

Ensino

O Concello dedica 15.000 € a bolsas de estudo para o curso 2018-2019

Ata o día 4 de outubro poden solicitarse as bolsas de estudo para o curso que acaba de empezar, coas que o Concello de Moeche pretende favorecer a escolarización pública e a formación universitaria no seo das familias con menos recursos económicos. Desta liña de axudas poderase beneficiar tanto o alumnado do CEIP San Ramón como aquel que curse estudos oficiais, incluídos os da ESO, bacharelato, FP, ensinanzas especiais, os universitarios e mesmo os superiores relacionados coa música, as artes escénicas, a plástica ou o deseño.

A contía total das axudas ascende a 15.000 euros distribuídos en dous apartados: dunha banda a realización de actividades relacionadas coa formación e, doutra, os gastos de desprazamento para alumnado que estude fóra do concello. Ambos apartados son compatibles entre si, de maneira que a axuda por estudante pode chegar aos 475 euros, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nas bases.

Neste sentido, a achega económica para formación no tramo das familias máis desfavorecidas vai desde os 100 euros por neno ou nena de Educación infantil ata os 250 euros de axuda para quen estea na universidade ou curse estudos superiores. Aquelas familias que teñan unha renda per cápita entre os 6.000 e os 9.000 euros poderán entrar nun rango desde os 75 até os 185 euros, dependendo dos estudos cursados, nos que entra tamén a Educación especial.

Se falamos das axudas para desprazamento por motivo de estudos cómpre sinalar que delas só se poderá beneficiar aquel alumnado que acuda a un centro público fóra de Moeche e que estea nun radio de 35 quilómetros, de entre 35 e 100 ou a máis de 100 quilómetros de distancia, coas correspondentes contías en cada caso. Os importes van desde os 100 ata os 225 euros e están relacionados tamén coa renda familiar e cos cursos en que se teña matrícula no curso 2018-2019.

Toda a información, as bases completas, a relación de documentos e os impresos que haberá que presentar poden descargarse da web municipal. **O prazo para rexistrar as solicitudes no Concello finaliza o día 4 de outubro**.



Servizos e obras

A brigada de Obras e servizos refórzase con cinco traballadores temporais

O Concello ten xa operativa e a pleno rendemento a brigada de apoio ao servizo de obras contratada a través de distintos programas cofinanciados pola Xunta e a Deputación da Coruña. En total son cinco traballadores que accederon a un posto temporal por medio das liñas da RISGA, do APROL Rural 2018 e do Plan de Integración Laboral, tras superar os correspondentes procedementos de selección. As tarefas que desempeñan son moi variadas,



aínda que todas elas se centran no mantemento e limpeza de espazos públicos, así como en traballos de roza e pequenas reparacións en infraestruturas municipais.

Neste sentido os perfís profesionais contratados"atenden ás necesidades do territorio en canto a tarefas que cómpre levar ao día, como son o desbroce e limpeza de lavadoiros e fontes, a recollida do lixo, o mantemento do recinto feiral, o do castelo e a área de Soutogrande... e tamén a posta a punto do colexio para o comezo do curso. Ademais, a incorporación dun condutor que manexe tamén a escavadora da que dispón o Concello axilizará a partir deste mes a limpeza ou preparación de cunetas en numerosas pistas municipais.

Moeche conseguiu unha axuda de 5.250 euros da Xunta para contratar unha persoa desempregada perceptora da Renda de Integración Social de Galicia -coñecida polo acrónimo de RISGA- durante 7 meses a media xornada facendo labores de peonaxe de obras. Por outra banda, o APROL Rural 2018 -auspiciado tamén pola Xunta- supuxo outra achega de 11.250 euros, que dán para os custes de contratación dun peón forestal ao longo de 9 meses a xornada completa. Por último, dentro do Programa de Integración Laboral da Deputación -encadrado no Plan de Emprego Local- a axuda foi duns 19.000 euros, cos que Moeche asume os contratos temporais de tres persoas cunha xornada semanal de 30 horas: por un lado un operario de servizos múltiples e un condutor durante 4 meses e medio e, por outro, un peón de obras en nómina durante 3 meses e medio.

As correspondentes convocatorias tiveron carácter público de conformidade coas bases e criterios que regulan as axudas da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña.

Contratada a reparación de case 3 quilómetros de pistas municipais

○ **Plan de Camiños da Agader 2018-2019 outorgoulle a Moeche algo máis de 43.000 euros, cos que se financiará a reparación de cinco pistas municipais: a que vai do cruzamento da Abelleira até Aмоса, a pista de San Xiao de Arriba, o camiño do Vilar, un treito na Ferraría de Abaixo e outro en Entrambasrrias. En total serán uns 2,8 quilómetros de estradas municipais que comunican os distintos lugares con tráfico maiormente lixeiro.** Os traballos adxudicáronse en algo máis de 31.000 euros a Construcciones José No Mantiñán e Hijos S.L., que presentou a mellor oferta en procedemento aberto.

A solución técnica pola que se opta no proxecto é similar nas cinco pistas que se van reparar. En primeiro lugar farase unha limpeza en profundidade das cunetas, posteriormente limparase o firme e atacaranse os baches e irregularidades máis profundas e, por último, aplicarase unha dobre rega asfáltica -nalgúns puntos tripla- rematada con grava miúda. Esta opción responde, segundo o plan técnico, a que se considera suficiente para garantir unha correcta drenaxe e unha boa resistencia do firme, que soportará maiormente tráfico lixeiro.

Os tramos que se amañarán en Labacengos son o de **San Xiao de Arriba** -650 m. e o de **Entrambasrrias**, de 275 m. e un largo medio de 3 metros. Entre Labacengos e Santa Cruz tamén se arranxará a pista que vai desde o cruzamento **da Abelleira até o núcleo de Aмоса**, con 770 metros de lonxitude. En Santa Cruz tocaralle, ademais, á **pista do Vilar** -565 m.- e este paquete viario financiado pola Agader rematará coa reparación do camiño da **Ferraría de Abaixo** -515 m.- situado na parroquia de San Xurxo.



Pavimentación rematada doutras pistas

Xunto con este proxecto tamén hai que lembrar as reparacións xa acometidas nas pistas da Rega e dos Loureiros -San Xurxo- e nos camiños de Seoane Vello e do Vilar, na parroquia de San Xoán, adxudicados en case 35.000 euros a Construcciones Saavedra y López. Na mesma liña tamén se remataron hai pouco as obras nas pistas Loira-A Veiga, Vilapedre, Camiño da Estación, A Igrexa-Abade e o camiño de Vilariño, executadas por José No Mantiñán e Hijos S.L. por un importe cercano aos 42.000 €.

Por último, e mentres se desenvolven reparacións en tramos completos, tamén se está levando a cabo o **programa anual de rebacheos e mantementos** puntuais. A relación de pistas compoñena a estrada de San Xiao a Labacengos, o acceso a Suomonte, a pista da Ponte do Sur a Vigo, o acceso á Caleira vella, a entrada a Belecoi, a pista do Xordo e a conexión dun camiño forestal coa CP-4907,

Normativa

O Concello publica catro novas ordenanzas



A edición do Boletín Oficial da Provincia do **xoves 23 de agosto** faise eco da apertura do período de exposición pública de catro novas ordenanzas aprobadas polo Concello de Moeche. Unha delas está relacionada coa conservación das vías públicas na actividade extractiva de madeira, outra refírese aos prezos públicos establecidos para a limpeza de fincas con medios municipais, a terceira ocúpase de regular a concesión de axudas de emerxencia social -para as que se reserva unha partida de 10.000 euros- e, a última, regula o uso da lingua galega no ámbito da Administración local, así como a súa promoción en todo o territorio. O contido das ordenanzas permanecerá exposto durante 30 días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación no BOP.

A ordenanza para a protección e conservación dos camiños vén regular as autorizacións do tránsito de maquinaria pesada forestal polas vías públicas de titulariedade municipal, co obxectivo de velar polo seu bo estado e esixir a súa reparación no caso de que se produzan desperfectos durante a actividade extractiva ou de transporte da madeira.

Outra das ordenanzas aprobadas ocúpase **dos prezos públicos pola prestación do servizo de xestión de biomasa vexetal e de limpeza de fincas**. O obxecto da ordenanza é fixar as contías unitarias do persoal e da maquinaria para traballos de limpeza que se fagan en parcelas privadas, xa sexa de oficio ou por solicitude das persoas propietarias dos terreos, sempre e cando os medios técnicos e humanos municipais estean dispoñibles.

O Concello tamén lle deu o visto e prace á **Ordenanza de emerxencia social** que regulará o acceso a axudas para familias ou persoas que se atopen nunha situación de emerxencia social. O orzamento municipal deste ano reserva para este apartado **un total de 10.000 euros** e a ordenanza fixa un importe máximo de 1.000 euros anuais por unidade familiar.

A última das ordenanzas municipais que están en exposición pública céntrase no uso do galego por parte do Concello e na súa promoción en todos os ámbitos da sociedade.

Estas catro ordenanzas entrarán en vigor automaticamente cando se cumpran os 30 días hábiles de exposición pública. Se houber algunha alegación a calquera delas, o Concello deberá resolvela antes da aprobación con carácter definitivo.

Sanidade

Charla sobre a diabete e o coidado dos pés

A diabete é unha enfermidade silenciosa que pode estarse padecendo sen estar sequera diagnosticada. Haina de varios tipos, relacionados en todos os casos coa imposibilidade de regular os niveis de glicosa no sangue. Tamén se apuntan varias causas da súa orixe, como os factores hereditarios, a alimentación, o sedentarismo, o sobrepeso, etc. Ademais de requirir unha diagnose axeitada acompañada do tratamento correspondente, a diabete tamén fai necesario vixiar de preto os pés, sobre todo a idades avanzadas. Perder sensibilidade nas dedas, ter mala circulación ou observar cambios na forma do pé son algúns sinais que nos deben poñer en garda xa que, de non tratarse a tempo, poden derivar en lesións graves.

Para falarnos da diabete e os seus tipos e tamén dos coidados dos pés en relación con esta enfermidade, o Concello ofrece unha charla impartida por persoal da **Asociación de Diabéticos de Ferrolterra e pola podóloga local Noelia Castro**. O encontro é con entrada libre e non fai falla inscrición previa.

Data: Venres 5 de outubro - **Hora:** 19.00 h. - **Lugar:** Centro Cultural Francisco Piñeiro



Volven as escolas municipais... e traen novidades

O Concello retomará a partir do mes de outubro a súa oferta de escolas deportivas para todas as idades. En total hai dispoñibles dez propostas repartidas case a partes iguais entre actividades para a rapazada e as dirixidas a adolescentes e persoas adultas. Porén, ademais de promover a práctica deportiva, o Concello tamén quere darlle pulo á aprendizaxe relacionada coa Cultura.

Os obradoiros culturais que se van desenvolver terán un carácter estacional. O primeiro deles vai para nenas e nenos e estará centrado na **cestaría**, pero haberá máis adiante outros relacionados coa cociña e a repostaría. Ademais, desde a área de Cultura tamén se está traballando para poñer en marcha a **Escola Municipal de Teatro** aberta a todas as idades. Destas novidades informaremosvos puntualmente a través da web, das redes sociais e deste mesmo boletín a medida que vaimos concretando a súa programación.

Onde si podedes inscribivos desde xa mesmo é nas actividades habituais para exercitar o corpo e incluso a mente. De feito, o Concello tamén reedita entre outubro e xuño os **obradoiros de memoria para persoas maiores**, cos que se pretende manter esperta a cabeza con xogos físicos e cognitivos.

O CATÁLOGO COMPLETO DE ACTIVIDADES XA PECHADAS É O SEGUINTE:

ESCOLAS DEPORTIVAS PARA A RAPAZADA			
Actividade	Día	Horario	Lugar
Iniciación á patinaxe* para 3 a 12 anos	xoves	15.15 a 16.30 h.	Pavillón Municipal
Perfeccionamento patinaxe*	luns	15.15 a 16.30 h.	Pavillón Municipal
Raqueta* (tenis, bádminton, tenis de mesa) 5-12 anos	martes	15.30 a 16.30 h.	Pavillón Municipal
Tiro con arco (de 8 a 16 anos)	venres	15.30 a 17.00 h.	Pavillón Municipal
(*) Actividades extraescolares			

ESCOLAS PARA PERSOAS ADULTAS			
Actividade	Días	Horario	Lugar
Maiores+ : actividade física para maiores de 50 anos	luns, martes e xoves	17 a 18.00 h. e 18.30 a 19.30 h	Local social de Abade / Pavillón municipal
Movémonos : aeróbic, circuit training, step... para maiores de 14 anos	luns, martes e xoves	19.30 a 20.30 h.	Pavillón Municipal
Spinning* para maiores de 16 anos	luns e mércores	20.30 a 21.30 h.	Pavillón Municipal
Pilates* para maiores de 16 anos	mércores e venres	10 a 11.00 h. e 11.00 a 12.00 h.	Antiga biblioteca municipal de Casabranca
Zumba para maiores de 12 anos	martes e xoves	20.30 a 21.30 h.	Pavillón Municipal
Escola de atletismo para maiores de 12 anos	martes	19.30 a 20.30 h.	Pavillón Municipal
Obradoiros de memoria para persoas maiores	venres	16 a 19.00 h.	Biblioteca Municipal
(*) Actividades extraescolares			

CANDO EMPEZAN E CANDO HAI QUE PAGAR?

Todas estas escolas **comezarán a partir do 15 de outubro, excepto o obradoiro de memoria que comeza o 5 de outubro e a confirmación e pagamento das cotas poderá facerse do 3 de outubro en diante.**

ONDE ME APUNTO?

Para inscribirse nas escolas de deporte fai falla contactar co técnico da área a través do **teléfono 981 404 006** ou enviándolle un correo á conta **daniel.feijoo@moeche.gal**. O técnico atende de luns a venres entre as 9 e as 14.00 h. e, despois do 16 de outubro, só os mércores e venres de 11 a 14.00 h.

Para informarse sobre as actividades culturais ou apuntarse nos obradoiros de memoria é necesario chamar ao Concello, pasar por alí ou remitir un correo á conta xeral **correo@moeche.gal**

QUE DOCUMENTACIÓN TEÑO QUE PRESENTAR?

O alumnado que empece por primeira vez nas escolas deberá achegar a fotocopia do DNI e o xustificante de ter pagado o prezo público cando se lle confirme a praza. Ademais tamén hai que entregar debidamente cuberta a folla de inscrición, dispoñible na web municipal ou na Casa do Concello. Para as actividades deportivas tamén fai falla presentar a copia da tarxeta sanitaria. Quen xa participase nas escolas o ano pasado só terá que presentar a solicitude e o xustificante bancario do pagamento.

CANTO CUSTA?

Os prezos das actividades veñen recollidos na correspondente ordenanza fiscal, que mantén as contías con respecto a outros anos. Están determinadas segundo as horas de duración de cada escola e prevense descontos desde un 15 ata o 100% naquelas impartidas directamente polo Concello, sempre e cando se cumpran os requisitos reflectidos na ordenanza.

Duración	Importe xeral	Menores de 18 anos e maiores de 65
1 hora semanal	6€/mes	5€/mes
2 horas semanais	10€/mes	6€/mes
3 horas semanais	12€/mes	9€/mes
Zumba	15€/mes	actividade non ofertada polo Concello, polo que non se rexe pola ordenanza

Os prezos públicos veranse reducidos nos seguintes casos, sen que poida concorrer máis dunha redución por participante e, nese caso, aplicarase a que lle resulte máis vantaxosa:

- **Familia numerosa:** -50%
- **Minusvalía superior ao 33%:** -30%
- **Máis dunha persoa participante da mesma unidade familiar:** o primeiro pagará o 100% e os seguintes o 50% do prezo público. En todo caso o desconto aplicarase ás cotas menores.
- **Titulares do Carné Xove:** -15%
- **Persoas que acrediten non ter capacidade económica para afrontar o pagamento:** -100%



Contacontos para crianzas: “Paxariños”

A Biblioteca Municipal acolle unha actividade moi recomendable para **meninos e meniñas de 0 a 3 anos na compañía dos seus papás e mamás**. Trátase da sesión de contacontos “Paxariños”, onde a fantasía e a música se xuntan nunha proposta para descubrirlles aos bebés o mundo que os rodea tomando como escusa o nacemento dun paxariño. A actriz Vanessa Rivas atopa un niño no xardín cun ovo dentro. A partir dese momento prepararao todo para recibir o poliño da mellor maneira posible, seguindo para iso o guión do conto “Turelí Tureló” coa banda sonora composta polo coruñés Tito Barbeito. Ademais, na sesión tamén entran “O Grande libro do polo Pepe” e “Sal do cascarolo, poliño!”, que seguen copando os éxitos de vendas da literatura para a xente máis pequena da casa.

A obra forma parte das campañas de animación á lectura da Biblioteca Municipal e conta coa colaboración da Consellería de Cultura a través do programa **Ler conta moito**.

Data: Sábado 22 de setembro - **Hora:** 12.00 h. - **Lugar:** Biblioteca Municipal



Cine: “Engurras”

O filme “Engurras” é unha das animacións máis celebradas dos últimos anos. Estreada en 2011, **a película aborda o tema da vellez e, máis que nada, as consecuencias do alzhéimer. “Arrugas” é un drama tinguido de humor e tenrura** protagonizado polos residentes dun centro xeriátrico e o seu empeño porque Emilio -un novo residente- non vaia parar á planta das persoas desafiuzadas. A película baséase na obra de banda deseñada de Paco Roca galardoada co Premio Nacional de Cómico en 2008. A versión cinematográfica produciuna a firma galega xa desaparecida Perro Verde Films con dirección de Ignacio Ferreras e guión de Ángel de la Cruz, ademais de Ferreras, Roca e Rosanna Cecchini.

A proxección, que é con entrada de balde, conta con apoio da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Data: Sábado 29 de setembro - **Hora:** 19.00 h. - **Lugar:** Centro Cultural Francisco Piñeiro



Teatro: “Eu quería-me casare”

“Eu quería-me Casare” é unha comedia total que relata a historia de dous auténticos perdedores que buscan a súa última oportunidade no amor. Antón e Lola andan cerca dos corenta anos e están buscando unha relación ou algo parecido a unha relación antes de irse máis ao vello. Coñécense nun destes programas televisivos de “cita a cegas”, a cousa non funciona, pero Antón e Lola, Lola e Antón son de todo menos predicibles e pode rematar pasando calquera cousa. Poñámonos no peor.

A peza humorística está escrita polo prolífico Jose Prieto e interpretada por Pedro Brandariz e Lucía Veiga. Chega a Moeche dentro da programación financiada pola Rede Cultural da Deputación da Coruña. Prezo; 2€ .A entrada pode adquirirse no propio local ou , se od esexas, na Casa do Concello de luns a venres.

Data: Sábado 10 de novembro - **Hora:** 19.30 h. - **Lugar:** Centro Cultural Francisco Piñeiro



Ruta de sendeirismo pola costa de Ares e a Bailadora

Un dos itinerarios máis espectaculares e levadeiros que podemos facer na comarca é o que percorre a banda sur da boca da ría de Ferrol. É a parte central da costa Ártabra e nun día claro podemos divisar ata máis alá da cidade da Coruña. Esta senda litoral, ademais da paisaxe, ofrece unha chea de elementos patrimoniais para ver: antigas baterías militares, o mosteiro de Santa Catalina, a ermida da Mercé, o miradoiro da Bailadora, etc.



O Concello organizou unha ruta de 16 quilómetros que comezará no lugar de Chanteiro e rematará no porto de Ares, pasando ao longo de todo ese trazado por eses e outros lugares.

O camiño faise ben, pero hai que ter costume de andar para completalo nun tempo estimado de 4 horas, debido a que hai algunha que outra costa peada e carreiros con firme irregular. Por iso a área de Deportes dá a opción de facer só media ruta e despois ir en autobús até o porto de Ares e agardar alí por quen cubra o trazado enteiro.

Aconséllase levar calzado cómodo que protexa os nocellos, roupa axeitada, algo de beber e tamén algo de comer -froita, barriñas enerxéticas, bocadillo, froitos secos, etc.-, ademais de gorra, un caxato e, se chove, prendas impermeables.

O **prazo de inscrición está aberto ata o venres 5 de outubro** ás 14.00 h. contactando co Departamento de Deportes: 981 404 006 - 639 417 975 ou daniel.feijoo@moeche.gal. As prazas son limitadas.

Data: Sábado 6 de outubro - **Hora da saída:** 8.30 h. de diante do Concello en autobús -

Hora da volta: 15.00 h. **Prezo:** 5€ (menores de 12 anos, gratis)

Actividades de entidades municipais

AVV DE LABACENGOS:



Excursión á Ribeira Sacra, curso de bordado e festa do seu 14º aniversario

A asociación veciñal de Labacengos emprende con forza a temporada outono-inverno propoñéndonos **un curso de bordado** no que se poderán aprender distintas técnicas, como os patróns do bordado canario, o tradicional, o italiano ou o mallorquín. A actividade desenvolverase todos os xoves entre as 16 e as 19.00 h. cun prezo mensual de 25€, que pode variar en función do número de persoas inscritas.

Por outra banda, desde a entidade tamén nos informan que o domingo 28 de outubro ás 17.00 h. celebrarán o seu **14º aniversario con teatro**. A agrupación amadora d'A Pombiña de Pedroso interpretará con entrada gratuíta a obra "Reinserción". Ao remate servirase chocolate con churros.

Pero antes dese día, para o que aínda falta máis dun mes, a asociación veciñal organiza **unha viaxe á Ribeira Sacra** cun completo programa que prevé achegarse a Monforte de Lemos, visitar a adega Regina Viarum en Sober e navegar en catamarán polos Canóns do Sil, especialmente fermosos a comezos do outono.

Data: Domingo 30 de setembro - **Prezo:** 40€ persoas socias e 45€ non socias -

Inscripcións: ata o 23 de setembro no 606 729 038. Nese teléfono tamén apuntan para o curso de bordado.

CURSOS DA AVV VAL DE MOECHE

A asociación do Val de Moeche tamén comeza con forza a temporada organizando tres cursos que arrancarán na primeira quincena de outubro. Continúa a actividade de cestería, á que se lle engaden os bailes latinos e a aprendizaxe de algo tan relaxante e útil para calquera coma o ganchillo, a calceta e os bolillos. Tomade nota dos días e horarios:

Actividade	Día	Hora	Comezo
Cestería	mércores	16.00h.	3 de outubro
Bailes latinos	todos os sábados	19.30h.	6 de outubro
Ganchillo, calceta e bolillos	todos os sábados	16.30h.	13 de outubro

Para obter información sobre os prezos, inscribirse ou facer calquera consulta hai que chamar ao 696 944 914.

FESTAS EN ABADE DO 21 AO 23 DE SETEMBRO

O calendario de festas e romarías estivais está chegando ao seu final. Xusto cando cambiamos de estación, a parroquia de Abade honrará á virxe de Guadalupe cun programa de tres días.

Venres 21: Churrascada veciñal e actuación da Orquestra Panamá.

Sábado 22: Sesión vermú con Metrópolis e verbena con esta orquestra acompañada do trío D'Nika.

Domingo 23: Función animada de novo por D'Nika. Pola noite non haberá festa.

FESTAS EN SAN XURXO O 29 E O 30 DE SETEMBRO

Unha semana despois da troula en Abade temos de novo cita festeira en San Xurxo. Alí as celebracións concéntranse no sábado e no domingo honrando a Nosa Señora das Dolores co cartel é o seguinte:

Sábado 29: Sesión vermú co dúo D'Ases, que repetirán pola noite, durante a verbena, intercalando actuacións co grupo Amatista. Pasada a madrugada tamén se ofrecerá unha espectacular traca de foguetes de lucería.

Domingo 30: Seguindo a tendencia doutras celebracións patronais, o domingo só haberá función de mediodía. Volveremos desfrutar da orquestra Amatista.

Sábado 10 de novembro: RUTA TURÍSTICA DA ESCUDERÍA MOECHE

A Escudería Moeche é a organizadora da última proba do Open de Rutas Turísticas de Ferrolterra. Trátase dun rally social no que non se cortan tramos nin tampouco fai falla ter un coche especialmente preparado. De feito, o que se premia neste tipo de competicións é manter unha velocidade media inferior a 50 Km/h. e cubrir sen penalizacións (e dentro dun tempo determinado) un trazado por estradas convencionais da comarca.

O xeito de inscribirse e outra información sobre a proba estarán dispoñibles en breve na web da escudería -www.escuderia-moeche.com- e tamén nas redes sociais. O que si podemos adiantarvos é que a 5ª Ruta Turística se desenvolverá o sábado 10 de novembro, previsiblemente cun horario de tarde-noite e cun prezo que roldará os 50€ por vehículo participante, incluída a cea para dúas persoas.